



Concello
da Estrada



AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, ESPAZOS CARDIOPROTEXIDOS

O obxectivo é contar cos medios necesarios para actuar con rapidez ante unha hipotética emerxencia por accidente cardíaco, proporcionando asistencia no menor tempo posible e garantindo o adecuado soporte vital básico da persoa afectada, ata a chegada dos servizos sanitarios.

Neste tipo de situacións, a formación do persoal resulta fundamental, pois son quen pode identificar o paro cardiorrespiratorio desde o contacto inicial co paciente, adoptando a partir de entón os protocolos establecidos, que pasan por alertar aos servizos de emerxencia e iniciar as manobras de reanimación.

O desfibrilador DESA facilita enormemente a tarefa, pois permite identificar sen erros as arritmias potencialmente graves da vítima, guiando ao operador na aplicación das descargas eléctricas, no caso de que fosen necesarias. Polas súas características, este aparello pode ser utilizado por persoal non sanitario adecuadamente formado para o seu uso, permitindo unha primeira actuación que, pola súa inmediatez, constitúe a ferramenta máis eficaz para evitar os casos de morte súbita.

– **PAVILLÓN COTO FERREIRO:**

ZONA DEPORTIVA. RUA DA CULTURA S/N. 36680 A ESTRADA.

LATITUDE: 42°41'36.86"N

LONXITUDE: 8°30'14.82"O



– **CAMPO DE FÚTBOL NOVO MUNICIPAL:**
ZONA DEPORTIVA. RUA DA CULTURA S/N. 36680 A ESTRADA.
LATITUDE: 42°41'23.36"N
LONXITUDE: 8°30'21.51"O



– **CAMPO DE FÚTBOL MANUEL REGUEIRO:**
ZONA DEPORTIVA. RUA DA CULTURA S/N. 36680 A ESTRADA.
LATITUDE: 42°41'40.55"N
LONXITUDE: 8°30'23.05"O



– **CAMPO DE FÚTBOL SAN MARTIÑO-CALLOBRE:**

IGREXA. 36688. CALLOBRE. A ESTRADA.

LATITUDE: 42°42'8.22"N

LONXITUDE: 8°26'18.31"O

